

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DESTINADAS Á CREACIÓN DE EMPREGO A TRAVÉS DE INSTALACIÓN DE NOVAS EMPRESAS NO POLIGONO INDUSTRIAL DE REGA-CUIÑA DO MUNICIPIO DE ORTIGUEIRA.

Primeira.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é regular a concesión de axudas destinadas a creación de emprego a través de instalación de novas empresas no Polígono Industrial de Rega-Cuiña do Concello de Ortigueira, contribuíndo ao desenvolvemento da economía local, e proceder a súa convocatoria para o ano 2013 e en réxime de concorrencia non competitiva de conformidade co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segunda.-Financiamento

As axudas reguladas esta orde concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 2414800002 do orzamento xeral do Concello de Ortigueira para o exercicio 2013 e o importe global destinado ascende a trescentos mil euros (300.000 €).

A concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución e serán adxudicadas ata o límite dos créditos dispoñibles na devandida aplicación orzamentaria na data de resolución, tendo en conta os principios de publicidade, igualdade e obxectividade, conforme ao disposto na lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.- Contía da axuda:

A contía da axuda a conceder será de dez mil euros por cada posto de traballo creado e cuberto.

A estes efectos entenderase como posto de traballo o do/s promotor/es e os contratos de traballo estables, a xornada completa ou a tempo parcial, que non poderá ser inferior ao 50% da xornada ordinaria a tempo completo establecida no convenio colectivo que corresponda.

No caso de contratos a tempo parcial a contía da axuda reducirase na mesma porcentaxe que corresponda a xornada completa

A estes efectos non se terán en conta os empregos de carácter estable realizados con persoas, que nos 12 meses anteriores á data de alta na Seguridade Social, prestasen servizos mediante un contrato laboral en empresas ou grupos de empresas nas que os promotores da empresa solicitante desempeñen o control

O importe máximo destas axudas non poderá, en ningún caso, superar o importe total do investimento necesario para a instalación da nova empresa, excluído o IVE ou calquera outro tributo recuperable polo beneficiario.

Estas axudas serán compatibles, para os mesmos gastos subvencionables, con outras axudas concedidas por entidades públicas ou privadas sempre que a acumulación de axudas non supere o total do importe de devanditos gastos subvencionables.

Cuarta.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios destas axudas todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, independentemente da forma na que se constituán, que inicien unha actividade empresarial ou abran un novo centro de traballo no Polígono Industrial A Rega-Cuiña no período comprendido dende o 1 de xaneiro ao 15 de novembro de 2013, ambos inclusive. A actividade empresarial deberá desenvolverse de maneira real e efectiva en devandito Polígono Industrial.

Non poderán ser beneficiarios quen concorran nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 13.2 da lei 38/2003 Xeral de Subvencións e/ou incumpran as presentes bases

Quinta.- Requisitos:

Os beneficiarios destas axudas deberán reunir as seguintes condicións:

- 1. Cumprir cos requisitos establecidos no artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 13 da lei 38/2003 Xeral de Subvencións.*
- 2. Non ter débedas pendentes co Concello de Ortigueira*
- 3. Haber solicitado, con carácter previo á solicitude da axuda, a correspondente licenza de apertura de establecemento e exercicio de actividade, e no seu caso, licenza*

urbanística de obras, presentado os preceptivos proxectos e documentación necesaria para a obtención de ditas licencias.

4. *A actividade obxecto da subvención manterase durante un período mínimo de cincos anos dende o seu inicio e os postos de traballo subvencionados cubertos durante o mesmo período*
5. *A empresa ou o novo centro de traballo deberá ter o seu domicilio social e/ou fiscal no Polígono Industrial A Rega-Cuiña, termo municipal de Ortigueira*

Sexta.- Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase ao día seguinte da data da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e rematará o 15 de novembro de 2013

Sétima.- Solicitudes

As solicitudes das axudas formularanse, dentro do prazo establecido na base sexta, no modelo oficial publicado como anexo I desta convocatoria, dirixidas ao Sr. Alcalde Presidente e poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Ortigueira ou por calquera das formas prevista son artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Se conforme a dito precepto, se presentan a través das Oficinas de Correos, deberá aparecer o selo de certificado na solicitude, non admitíndose aquelas nas que no apareza dito selo e tivesen entrada no Rexistro Xeral do Concello fora do devandito prazo establecido.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou fotocopia compulsada):

1. *Documento acreditativo da identidade do solicitante.*
 - *DNI e NIF, no caso de persoas físicas*
 - *CIF, escritura de constitución e modificacións posteriores e copia do poder acreditativo do representante legal e copia do seu DNI, no caso de persoas xurídicas.*
2. *Declaración responsable de que o solicitante cumpre os requisitos para ser beneficiario das axudas e non incorre en ningunha das causas de prohibición previstas no artigo 10.2 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 13.2 da lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
3. *Certificados de que o solicitante está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, coa Comunidade Autónoma e co Concello de Ortigueira.*
4. *Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.*
5. *Documentación xustificativa de que o solicitante é titular da parcela do Polígono Industrial da Rega-Cuiña onde se pretende realizar a instalación da nova empresa ou no do novo centro de traballo (contrato de compravenda, escritura publica.....)*
6. *Copia compulsada das solicitudes de licenza de actividade, licenza de apertura de establecemento e exercicio de actividade, e no seu caso, licenza urbanística de obras,*
7. *Informe dos servizos municipais de que as solicitudes a que se refire o apartado anterior contan cos proxectos e documentación preceptivas para a súa tramitación.*
8. *Proxecto ou memoria xustificativa da viabilidade técnica, económica e financeira da actividade que se pretende realizar, e no que constará como mínimo: tipo de actividade, orzamento do investimento, financiamento, numero de empregos estables creados especificando a súas características: (tipo de posto e xornada, titulación esixida no seu caso, etc) e calquera outro dato que se considere necesario e contribúa a unha mellor avaliación do proxecto e do seu cumprimento nos requisitos establecidos na presente convocatoria*
9. *Compromiso do solicitante de manter en funcionamento a empresa e os postos de traballo subvencionados por un período mínimo de cinco anos*
10. *Consentimento expreso por parte do beneficiario autorizando ao Concello de Ortigueira a recabar, en calquera momento, ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, ante as distintas Consellerías*

da Comunidade Autónoma e dos departamentos do Concello, documentación precisa para o control e seguimento das axudas concedidas.

11. *Certificación bancaria de titularidade e número de conta.*

Oitava.- Defectos de solicitude e outra documentación

O Concello de Ortigueira poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da solicitude.

O defecto nas solicitudes ou documentación achegada seralles notificado aos interesados polo Concello e daráselles un prazo de dez días hábiles para emendaren os erros ou omisións, con indicación que, de non dar cumprimento ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición, logo da resolución que deberá ditarse nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Novena.- Normas de instrución do procedemento

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, segundo a excepción prevista no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As solicitudes de axuda presentadas en prazo e cos requisitos establecidos nestas bases tramitaranse e resolveranse por orde de entrada no rexistro do expediente completo e ata o esgotamento do crédito orzamentario destinado ao seu financiamento, do que se fará publicidade no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na páxina web do Concello www.concellodeortigueira.com. Consecuentemente, serán concedidas sen comparación con outras solicitudes.

Xustifícase a excepcionalidade por canto neste caso non é necesaria a comparación de proxectos entre si, polo interese especial de promover calquera proxecto de creación de empresa no Polígono Industrial de Rega-Cuiña do municipio de Ortigueira e que cumpran os requisitos especificados nestas bases, máis incluso na actual situación de dificultades na economía; así mesmo, a concorrencia non competitiva é o mecanismo que permite que os proxectos subvencionables poidan ser atendidos en todo momento, mantendo a posibilidade de solicitude aberta de xeito continuo.

A competencia para instruír o procedemento, así como para formular a correspondente proposta de resolución, recaerá sobre unha comisión integrada por: O Alcalde ou concelleiro en quen delegue que exercerá a súa presidencia, o concelleiro de emprego e medio ambiente, o axente de desenvolvemento local, a secretaria da corporación, a interventora municipal e actuará de secretario/a un/ha funcionario/a do Concello.

Décima.- Resolución

A competencia para a resolución de concesión das axudas da presente convocatoria corresponde ao Sr. Alcalde, sen prexuízo da súa delegación na Xunta de Goberno Local.

O prazo para ditar e notificar a resolución que proceda será de TRES MESES computados dende o día seguinte ao da entrada da correspondente solicitude no rexistro xeral do Concello de Ortigueira

Transcorrido o prazo de tres meses sen que lles notificasen a resolución expresa, os solicitantes poderán entender desestimada a súa solicitude.

A resolución favorable pola que se concede as axudas, deberá conter, como mínimo: finalidade concreta para a cal se concede, as condicións na que se outorga, importe da mesma e requisitos para o seu pagamento.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar a unha nova resolución que modifique as condicións e importe da subvención e mesmo a súa revogación

Contra a resolución que porá fin a vía administrativa os interesados poderán optar por interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que ditou a resolución, no prazo de un mes contado dende o seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos artigos 116 e 117 da lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo en Ferrol, no prazo de dous

meses contados dende o seguinte ao da notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46.4 da lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Se a resolución non fose expresa o prazo será de tres meses para interpor o recurso de reposición e de seis meses para interpor o recurso contencioso-administrativo e contaranse a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Decimo primeira.- Aceptación e renuncia

As persoas ou entidades beneficiarias disporá dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación das condicións contidas nela e na presente convocatoria. Transcorrido o prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

A renuncia á subvención, debidamente motivada, poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o alcalde-presidente ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Decimo segunda.- Obrigas dos beneficiarios:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto e realizar a actividade que fundamente a concesión da axuda ou subvención durante un tempo mínimo de cinco anos
2. Manter os postos de traballo subvencionados durante o período de cinco anos dende a data da incorporación do traballador, e no caso de producirse o cesamento dalgunha persoa traballadora durante dito período, a cubrir a vacante, nun prazo máximo de dous meses, cun tempo de dedicación igual ou superior ao anterior, debendo permanecer a nova persoa traballadora, como mínimo, ata completar o período mínimo de cinco anos máis o tempo que estivese sen cubrir o posto, dando conta de todo elo ao Concello.
3. Xustificar ante o Concello de Ortigueira o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou o disfrute da subvención.
4. Sometemento ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Ortigueira, como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
5. Comunicar ao Concello de Ortigueira calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas persoas ou entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a instalación da nova empresa ou apertura do novo centro de traballo no momento en que se coñeza e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
6. Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, co concello de Ortigueira, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención
7. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e aboamento dos gastos e investimentos subvencionables, durante, polo menos, cinco anos a partir da finalización do período subvencionado.
8. Dar a adecuada publicidade do financiamento do proxecto por parte do Concello de Ortigueira. A estes efectos ademais de facer constar lendas relativas ao financiamento do concello nos carteis de obras, informaráselles do mesmo por escrito aos traballadores que ocupen os postos subvencionados.
9. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos

no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no título II da Lei 38/2003, xeral de subvencións

10. Todo isto sen prexuízo das demais obrigas que resulten en aplicación da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Decimo terceira.- Xustificación e pagamento das axudas:

O pagamento da subvención concedida ao abeiro desta convocatoria farase logo de que a persoa ou entidade beneficiaria o solicite e xustifique documentalmente o cumprimento dos trámites e requisitos establecidos na presente convocatoria, para o que deberán presentar, a seguinte documentación (orixinal ou fotocopias compulsadas):

1. Licenza de apertura e acreditación polo beneficiario de ter obtido as autorizacións administrativas que, de ser o caso, correspondan ao seu proxecto para o inicio da actividade
2. Copia de alta no modelo censal 036 da Axencia Estatal de Administración e copia documento de alta no imposto de actividades económicas (IAE) ou certificación da Axencia Tributaria relativa a el.
3. Copia dos contratos de traballo, correspondentes aos postos estables subvencionados, formalizados e rexistrados no SEPE e copia das altas na Seguridade Social no Réxime Especial de Autónomos ou do Réxime Xeral, segundo proceda.
4. Informe de vida laboral da empresa ou centro traballo que obtivo a subvención nos doce meses anteriores. No caso de tratarse dun novo centro de traballo a empresa deberá aportar copia dos TC2 dos últimos doce meses
5. Copias de facturas e xustificantes de pago dos investimentos realizados necesarios para a instalación da empresa ou do novo centro de traballo. Cando o investimento supere a contía de 30.000 € no suposto de execución de obra ou de 12.000 € no suposto de subministración de bens de equipamento, o beneficiario deberá solicitar e aportar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación, en cumprimento no establecido na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, xeral de subvencións
6. Certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e cas obrigas tributarias co Estado, A Comunidade Autónoma. (Co Concello de Ortigueira a comprobación de estar ao corrente farase de oficio).
7. Declaración responsable actualizada do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas como doutros entes públicos ou privados, ou, de ser o caso, de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.
8. Declaración responsable de que se deu cumprimento a finalidade para a que se concedeu a subvención o solicitante cumpre os requisitos para ser beneficiario da axuda e non incorre en ningunha das causas de prohibición previstas no artigo 10.2 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 13.2 da lei 38/2003, Xeral de Subvencións
9. Xustificación do cumprimento da obriga de publicidade establecida nas presentes bases (fotografías de carteis, escritos informando aos traballadores....)
10. Os Servizos municipais poderán requirir a presentación de calquera outro documento que considere necesario para comprobar que se deu cumprimento a finalidade da subvención e se cumpren os requisitos establecidos na convocatoria.

O prazo para presentación da documentación a que se refire o apartado anterior finalizará o día 31 de decembro de 2013. Non obstante, previa solicitude do/a beneficiario/a, realizada cando menos con dous meses antes da data de finalización do prazo, debidamente motivada e xustificada, o Concello poderá ampliar por un período máximo de seis meses dito prazo.

Transcorrido o prazo de cinco anos a que se refire o punto catro da base quinta, o beneficiario deberá presentar no Concello, no prazo de un mes, a documentación xustificativa de que se deu cumprimento a finalidade da axuda, presentando como mínimo

1. Informe de vida laboral da empresa ou do centro de traballo onde conste que os postos estables subvencionados estiveron realmente ocupados durante os cinco anos

2. Calquera outra documentación que os servizos municipais lle requira para a comprobación de que a actividade empresarial foi realmente desenvolvida no Polígono Industrial de A Rega-Cuiña durante dito período de cinco anos.

Décimo cuarta.- Revogación e reintegro da subvención

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a de calquera das condicións establecidas nestas bases, conlevará a declaración da perda do dereito a axuda, a obriga de restituír as cantidades percibidas e a exixencia do interese legal de demora dende o momento do pago da axuda.

Tamén deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención ou axuda pública percibida e aos xuros de mora correspondentes desde o momento do seu pagamento ata a data que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 37 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O Concello de Ortigueira poderá acudir a vía de constrinximento para cobro das cantidades a reintegrar polo/a beneficiario/a

En todos os casos, o procedemento de reintegro observará as prescricións contidas no título II da citada Lei 9/2007, no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei e no título II da Lei 38/2003, e no seu regulamento aprobado polo real decreto 887/2006.

Décimo quinta.- Sancións

Aos beneficiarios das subvencións seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas na citada Lei 9/2007 e lei 38/2003

Decimo sexta.- Publicidade da concesión das subvencións

Os acordos de concesión das subvencións adoptados polos órganos do Concello de Ortigueira faranse públicos mediante anuncios expostos na páxina web do Concello, no taboleiro de edictos e inserción no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, nos termos previstos na lei 9/2007 e na lei 38/2003 para o que se entende que o solicitante presta o seu consentimento coa presentación da solicitude

Decimo sétima.- Réxime xurídico

O non previsto nesta convocatoria, e para o seu desenvolvemento, observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

c) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que será de aplicación só nos seus preceptos básicos.

d) Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Decimo oitava.- Publicación e entrada en vigor

A presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Coruña, na web municipal, e no taboleiro de edictos do Concello, e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP.